

CCR/Ra/Ms

Data Registro: **27/09/2023 11:48:27**Nº Registro: **2023000632**

SAIDA

MINUTA

Na sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Provincial do día 15 de setembro de 2023, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo Sr. Deputado D. Carlos López Font:

25.8048.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- E por último, punto número 25, Rogos e preguntas. Ten a palabra D. Carlos Font.

Sr. López Font.- Tenemos, de acuerdo con el reglamento, 3 preguntas, comienzo por la primera. Visto que el 7 de setiembre pedimos acceso al expediente relacionado con el recurso contencioso administrativo 4289/2020 del Tribunal Superior de Justicia de Galicia en relación coa Cidade del Celta que se pretende construir en Mos. He visto que ya han transcurrido los 5 días naturales que recoge el artículo 6 del Reglamento Orgánico de Funcionamiento de la Diputación de Pontevedra, para que nos dejaran acceder al expediente sin que hasta el momento se tenga esta posibilidad. Debo de manifestar que creo que la comunicación entró en el día de hoy, pero no se ha podido ver todavía, pero queremos que conste la pregunta concreta, porque en todo caso no se habrían cumplido los plazos. La pregunta en concreto es ¿puede el Sr. Presidente explicarnos que actuaciones o iniciativas tiene previsto desarrollar el gobierno provincial en relación al recurso presentado frente al pelletazo urbanístico que se quiere desarrollar en Mos y que afecta directamente a las infraestructuras provinciales. Entregaremos copia al Secretario.

La segunda pregunta es que a la vista de que todos los anuncios del Presidente de la Diputación están plagados de incorrecciones, falsedades y omisiones escandalosas, que evidencian un silenciamiento flagrante de las acciones y de la gestión del gobierno anterior, venimos a formular la siguiente pregunta: ¿qué gobierno provincial aprobó los expedientes y autorizó el gasto corriente, el gasto correspondiente a todos y cada uno de los anuncios de gestión, actuaciones, inversiones anunciadas públicamente desde el pasado mes de julio? ¿Con cargo a que planes se financia cada uno de las inversiones anunciadas?

Y la tercera pregunta y última, como corresponde con el Reglamento, se refiere, expongo, que a la vista de la intervención de la Vicepresidenta Primera en el seno del Pleno de Vigo, en el que literalmente dijo, les facilito el minuto para que lo puedan ver ustedes, el minuto 42 del vídeo que se puede conseguir del Pleno que celebramos, retomo, dijo literalmente “lo que si quiero que les quede claro es que ahora la inversión en Vigo de la Diputación de Pontevedra depende de mi, les guste o no les guste, soy la encargada de Vigo y su área metropolitana y las inversiones de



la Diputación de Pontevedra dependen de mi". Ante esta afirmación del minuto 42 nuestra pregunta es: ¿significa esto que esta institución provincial tiene dos presidentes? ¿Significa que su gobierno tiene una Presidenta para Vigo y otro para el resto de la provincia? Muchas gracias. Entregaremos literalmente las tres preguntas por escrito. Gracias.

Sr. Presidente.- Ben, moitas gracias. Non habendo máis preguntas pois damos entón por finalizada esta sesión extraordinaria e quedamos emplazados para a última sesión deste mes que será o venres 29 e o venres 22 celebraranse as Comisións Informativas que será en horario de 12 da mañán. Moitas gracias e bo día.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

D. Carlos López Font.- Presidencia.- Secretario.- Infraestruturas.- Vicepresidencia Primeira.- Montserrat Otero Oitavén (Coordinadora de Réxime Interno).- Central.-





**GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA NA DEPUTACIÓN DE
PONTEVEDRA**

Carlos López Font, voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Pontevedra

EXPOÑO

Que visto que o 7 de setembro pedimos acceso ao expediente relacionado co Recurso Contencioso-Administrativo 4289/2020 do TSJ de Galicia, en relación coa cidade do Celta que se pretende construír en Mos

E visto que xa teñen transcorridos os 5 días naturais que recolle o artigo 6 regulamento orgánico de Funcionamento da Deputación de Pontevedra para que nos deixaran acceder ao expediente, sen que ata o momento nos teña dado esa posibilidade

PREGUNTA

Pode o Sr presidente explicarnos que actuacións ou inciativas ten previsto desenvolver o goberno provincial en relación ao recurso presentado fronte ao pelotazo urbanístico que se quere desenvolver en Mos e que afecta directamente a infraestruturas provinciais?

En Pontevedra, a 14 de setembro de 2023

Carlos López Font

**Sr. PRESIDENTE DA EXMA. DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
SECRETARIA XERAL**



**GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA NA DEPUTACIÓN DE
PONTEVEDRA**

Carlos López Font, voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Pontevedra

EXPOÑO

Que á vista de que todos os anuncios do Presidente da Deputación están plagados de incorreccións, falsidades e omisións escandalosas que evidencian un silenciamento flagrante das accións e da xestión do goberno anterior, veño formular a seguinte:


PREGUNTA

¿Que goberno provincial aprobou os expedientes e autorizou o gasto correspondentes a todos e cada un dos anuncios de xestión, actuacións, investimentos anunciados públicamente dende o pasado mes de xullo?
¿Con cargo a que plans se financia cada un dos investimentos anunciados?

En Pontevedra, a 14 de setembro de 2023

Carlos López Font

**Sr. PRESIDENTE DA EXMA. DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
SECRETARIA XERAL**



**GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA NA DEPUTACIÓN DE
PONTEVEDRA**

Carlos López Font, voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Pontevedra

EXPOÑO

Que á vista da intervención da vicepresidenta primeira no seno do pleno de Vigo no que literalmente dixo:

(minuto 42)

“Lo que si quiero que les quede claro, es que agora la inversión en Vigo de la Diputación de Pontevedra depende de mi, les guste o no les guste.... soy la encargada de Vigo y su area metropolitana y las inversiones de la Diputación de Pontevedra dependen de mi “

PREGUNTA

¿significa que esta institución provincial ten dous presidentes?

¿significa que o seu goberno ten unha presidenta de Vigo e outro para o resto da provincia?

En Pontevedra, a 14 de setembro de 2023



Carlos López Font

**Sr. PRESIDENTE DA EXMA. DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
SECRETARIA XERAL**

Pregunta efectuada polo voceiro do Grupo Provincial Socialista na sesión extraordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 15 de setembro de 2023:

PREGUNTA:

Pode o Sr. presidente explicarnos que actuacións ou iniciativas ten previsto desenvolver o goberno provincial en relación ao recurso presentado fronte ao pelotazo urbanístico que se quere desenvolver en Mos e que afecta directamente a infraestruturas provinciais? (en relación ao recurso contencioso – administrativo 4289/2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia).

RESPOSTA:

As actuacións relativas ao recurso contencioso – administrativo contra o acordo do Pleno do Concello de Mos de 28 de xullo de 2022 polo que se aprobou definitivamente o “Plan Especial e Infraestruturas e Dotacións para instalacións deportivas do Club Celta, S.A.D.” son as previstas na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa e na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local que constan no expediente.

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.



Pregunta efectuada polo voceiro do Grupo Provincial Socialista na sesión extraordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 15 de setembro de 2023:

PREGUNTA:

¿Que goberno provincial aprobou os expedientes e autorizou o gasto correspondentes a todos e cada un dos anuncios de xestión, actuacións, investimentos anunciados públicamente dende o pasado mes de xullo? ¿Con cargo a que plans se financia cada un dos investimentos anunciados?

RESPOSTA:

Os expedientes e o gasto foron aprobados e autorizados polos órganos competentes segundo a lexislación e a normativa aplicable en cada caso.

O financiamento realízase con cargo ás aplicacións correspondentes previstas no orzamento da Deputación de Pontevedra.

Poden obter a información que precisen nas actas da Xunta de Goberno e do Pleno da Corporación provincial.

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.



Pregunta efectuada polo voceiro do Grupo Provincial Socialista na sesión extraordinaria do pleno da Deputación de Pontevedra celebrada o día 15 de setembro de 2023:

PREGUNTA:

¿Significa que esta institución provincial ten dous presidentes?

RESPOSTA:

O procedemento para a elección do Presidente, o goberno provincial e a corporación non está sometida a ningún xuízo de valor ou consideración política particular, senón que está regulado pola Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e emana da lexitimidade democrática reflectida nos resultados das eleccións municipais do pasado 28 de maio, nas que a candidatura Partido Popular obtivo un maior número de deputados, e que derivou na elección de Luis López Diéguez como presidente da Deputación de Pontevedra. A dobre presidencia, como tampouco a dobre alcaldía nin ningunha outra figura institucional análoga, non está recollida en ningún ordenamento xurídico vixente.

PREGUNTA:

¿Significa que o seu goberno ten unha presidenta de Vigo e outro para o resto da provincia?

RESPOSTA:

Ademais de remitirle á anterior resposta, infórmolle da circunstancia, da que Vde. e o seu grupo son coñecedores, que a actual estrutura do goberno provincial se divide en dúas Vicepresidencias orientadas á atención específica das cidades de Vigo e Pontevedra. Por esa razón, é a Vicepresidencia primeira a interlocutora designada por min para representar á Deputación naqueles proxectos, iniciativas ou asuntos que afecten especificamente á cidade de Vigo.

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.

